

O AXEXADOIRO

(Rúa Argudín Bolívar)

Para a miña nai

Decidín marchar da casa aquela tarde na que a miña nai rifoume, cousa á que non estaba afeita. En tiña catro anos, e considerei que abandonar o fogar, era o que tiña que facer. De xeito que fun ao roupeiro, collín a miña caixa de madeira ilustrada coas facianas de dous gatiños e a miña boneca preferida. Esta tiña os cabelos louros, adobiados por un lazo azul, era miúda e chata, cun sorriso inacabado e unha saia de cadros azul e branca cuns tirantes e por debaixo destes vestía unha chambra branca. Tiña un brazo algo ferido porque uns meses atrás tiveron a curiosidade de saber a orixe do sen amolecido taco. A pesares da pequena desfeita dun dos seus brazos, eu quería moito, máis que as outras bonecas aínda que fosen máis novas. Unha vez todo disposto, tomei a decisión de poñer en coñecemento da miña nai o meu obxectivo: *Partir para sempre!*

—«*Voume, adeus*» —para a miña sorpresa, non houbo resposta, nin intento de reterme.

—«*Voume para sempre*»!!! —repetín de novo dándolle énfase ao para sempre. Dende a cociña a voz da miña nai respondeume —«*Adeus, boa viaxe*» —Eu non daba crédito! Deixaba que me fose sen tentar impedilo, sen saber onde ía, aquela tarde todo eran facilidades! Eu non quería esa condescendencia, agora era cando a miña nai tiña que suplicarme que non me fora! En lugar diso, estaba a desexarme *boa viaxe* (?!). Sentíame atordada, pero estaba decidida a seguir adiante. Non podía fraquear agora

no meu propósito despois de telo manifestado coa firmeza que os meus catro anos mo permitían. De xeito que, co corazón apremado e a dignidade a piques de facer augas collín a caravilla da porta, vireina e saín ao relanzo da escaleira. Denantes de pechar tras de min a seguridade que me daba aquela porta, volví despedirme, esta vez non obtiven resposta. Subín dous chanzos e púxenme na punta dos pés para prender a luz. Unha vez, a soas, coa luz de 40 vatios que penduraba do teito, ceo sen estrelas, pechei a porta. Para entón, xa as bágoas asomaban aos meus ollos coa idea de precipitarse nun estanque sen peixes de cores. A penumbra estaba alí con ollos de lobo feroz. Escoitei un ruído, ou iso pareceume, ese característico son do axexadoiro cando alguén o abre. Tiven a sensación de que a mirada da miña nai se me pegaba á caluga. Estiven tentada a xirarme e dicirlle que quería entrar, que o lugar onde quería estar era no oco da súa aperta, pero non o fixen e baixeí dous chanzos; para entón xa tiña a sensación de ter entrado no bosque onde Carrapuchiña vermella se atopaba co lobo. Somentes que no conto o arrecendo era a flores silvestres, a herba... e no ventre do xigante, que era o que semellaba aquel relanzo que había tres chanzos mais abaixo, ulía a madeira fregada con auga e lixivia.

Senteime enriba dunha folla de xornal. A miña nai sempre que limpaba as escaleiras botáballe serraduras e poñía follas de xornal por riba delas. Aínda que xa estaban secas, o cheiro da lixivia mesturada co olor das serraduras deume a seguridade de que estaba na casa, pero a penumbra dos 40 vatios, aló enriba, colgada do teito sen estrelas púxome un nó na gorxa. Premín a boneca contra o meu peito e suxeitei a caixa de madeira con forza. Pareceume que tras de min se entreabría a porta, pero non escoitei nada máis. Sentíame fóra e dentro ao mesmo tempo, era unha sensación estraña. As pernas non me obedecían para erguerme e continuar a viaxe da que levaba só dous chanzos feitos. Comecei a impar, de súpeto sentín o aloumiño da miña nai, díxenlle: —«*Tardaches moito en vir buscarme*». —Ela sorriu coa mirada, colleume no colo e murmurou: —«*Non hai nin dous minutos que pechaches a porta*». —Eu suspirei aliviada, parecíanme unha eternidade! Entrei de novo no meu fogar do que nunca saíra, cinguida ao abrazo da miña nai que desprendía un aroma a bicos de rosas.

OLGA PATIÑO, *Silencio habitado*, Pigmalión, Madrid, 2013.